

Acordo de Consello de Goberno, de 24 de xullo de 2026, polo que se aproba o Calendario Académico de Doutoramento para o curso 2026/2027

De acordo co establecido no artigo 8.4 f) do Regulamento da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade da Coruña, aprobado en Consello de Goberno do 07/11/2024, a Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento na súa sesión do 04/07/2026 acorda informar favorablemente o calendario académico para o curso 2026/27 e elevar a proposta para a súa aprobación polo Consello de Goberno.

Polo exposto, o Consello de Goberno, na súa sesión de 24 de xullo de 2026, acordou a aprobación do Calendario académico de doutoramento para o curso 2026/27 que se achega como anexo.

O reitor

Anexo: Calendario académico de estudos de doutoramento no curso 2026/2027

(Aprobado en Consello de Goberno do 24/07/2026)

ESTUDANTADO DE NOVO INGRESO (MATRICULADO POR VEZ PRIMEIRA NO CURSO 2026-2027)		
1º prazo ordinario	12 de xaneiro de 2027	Data límite para asignación de director/a(s) de tese.
	15 de marzo de 2027	Data límite de presentación do Plan de Investigación e do Plan de Formación polo/a doutorando/a e titor/a.
	2 de abril de 2027	Data límite de aprobación do Plan de Investigación e do Plan de Formación pola CAPD ¹ .
2º prazo ordinario	25 de maio de 2027	Data límite para asignación de director/a de tese.
	17 de setembro de 2027	Data límite de presentación do Plan de Investigación e do Plan de Formación polo/a doutorando/a e titor/a.
	30 de setembro de 2027	Data límite de aprobación do Plan de Investigación e do Plan de Formación pola CAPD. ²
1º/2º prazo	18-30 de setembro de 2027	AVALIACIÓN ANUAL (Só do Plan de Investigación) por parte do titor/a e CAPD. A aprobación do Plan de Investigación e do Plan de Formación, e a Avaliación Anual do estudantado do 2º prazo ordinario de matrícula, realízase ao mesmo tempo neste prazo.
ESTUDANTADO DE CONTINUACIÓN (MATRICULADO CON ANTERIORIDADE AO CURSO 2026-2027)		
	15 de marzo de 2027	Data límite de modificación do Plan de Investigación , do Plan de Formación e o Documento de Actividades (só para o estudantado con AVALUACIÓN ANUAL negativa) polo/a doutorando/a e titor/a.
	16 marzo- 2 abril de 2027	AVALIACIÓN ANUAL (só para o estudantado con AVALUACIÓN ANUAL negativa) por parte do titor/a e CAPD.
	17 de setembro de 2027	Data límite para modificar Plan de Investigación , Plan de Formación e Documento de Actividades .
	18-30 de setembro de 2027	AVALIACIÓN ANUAL (do Plan de Investigación, e do Plan de Formación a través do Documento de Actividades).
PRÓRROGAS DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO		
	14 de xuño-agosto de 2027	Solicitud de prórroga (a través da Secretaría Virtual de estudantes).
	14 de xuño-16 de setembro de 2027	Informe do/a tutor/a de tese (a través da Secretaría Virtual do PDI).
	14 de xuño-30 de setembro de 2027	Resolución da CAPD.
ACTUALIZACIÓN DO PROFESORADO DUN PROGRAMA DE DOUTORAMENTO		
	01-30 de setembro de 2027	Prazo para que a CAPD comunique á EIDUDC as incorporacións e/ou baixas de profesorado do programa para a actualización en Xescampus .
RENOVACIÓN DA COMISIÓN ACADÉMICA DUN PROGRAMA DE DOUTORAMENTO		
	14 de xuño a 16 de xullo de 2027	Prazo para que a CAPD comunique á EIDUDC os cambios na súa composición.
SEGUIMIENTO ANUAL DOS PODs COORDINADOS POLA UDC		
	11-31 de xaneiro de 2027	Presentación de autoinforme, evidencias e indicadores (segundo proceda ³) por correo electrónico a oficina.doutoramento@udc.es , con copia a subdireccion.eid@udc.es , como un documento pdf (ou varios documentos agrupados nun mesmo zip).
	Febreiro de 2027	Aprobación da Comisión Permanente da documentación de seguimento do POD.

Plans de Investigación e de Formación Persoal. Poderanse modificar todo o ano, excepto nos períodos de AVALIACIÓN ANUAL.

AVALIACIÓN ANUAL. Comprende a avaliación do **Plan de Investigación**, e do **Plan de formación** a través do **Documento de Actividades** (previamente, o/a titor/a ou o/a director/a da tese, a través da aplicación na Secretaría Virtual do Profesorado, debe validar as actividades incluídas no Documento de Actividades). A AVALIACIÓN ANUAL do estudiantado de novo ingreso (1º e 2º prazo ordinario de matrícula) farase conxuntamente na quenda do mes de setembro.

PRÓRROGAS. Tramitaranse as solicitudes a través da Secretaría Virtual do/a Estudiante. Consultar o documento Prórroga de Estudos de Doutoramento en <http://www.udc.gal/eid/admission/>

Por razóns de coordinación, **os estudos interuniversitarios** poderán adaptar estes períodos aos calendarios que, de modo coordinado, se establezan coas outras universidades participantes, tras a autorización da Escola Internacional de Doutoramento. Para iso, a persoa coordinadora na UDC dos programas afectados deberá enviar, por correo electrónico, a súa solicitude á Oficina de Doutoramento para a súa tramitación.

¹ *En caso de non aprobarse neste prazo, a persoa doutoranda deberá presentar unha nova proposta no prazo marcado na CAPD, que non poderá exceder de tres meses desde a data de rexeitamento.*

² *En caso de non aprobarse neste prazo, a persoa doutoranda deberá presentar unha nova proposta no prazo marcado na CAPD, que non poderá exceder de tres meses desde a data de rexeitamento.*

³ *Documentación de seguimento que deben presentar os PODs que non presentaron informe no curso 2025/2026 ou aqueles que teñan informe de seguimento con resposta da ACSUG:*

- **Programas só da UDC:** Autoinforme, evidencias e indicadores.
- **Programas conxuntos que coordina a UDC.** A coordinación do POD escollerá unha das dúas seguintes modalidades:
 - Informe de mínimos: Autoinforme, evidencias e indicadores que correspondan só á UDC.
 - Informe completo. Autoinforme, evidencias e indicadores das universidades que participan no programa.
- **Programas conxuntos que coordina outra universidade:** evidencias e indicadores do programa na UDC.